

Cadenciosa meditación

Para a educación das almas

ROMÁN RAÑA

Aparece nos nosos andes o libro de Ricardo Martínez Conde (Aldariz, Senxenxo, 1951), *Na terra desluada*. Como sabemos, o seu o seu corpus poético iníciase, na nosa lingua, con *Lento esvaece o tempo* (1990) e, en castelán, *Los argumentos de la tarde* (1991). Tamén desde o seu inicio, a poesía que se nos propón aséntase na contención, no verso preciso, na traballosa exactitude. Efectivamente, notamos que detrás de moitos poemas breves aníña un longo e profundo traballo para condensar a emoción estética en formas estróficas exiguas. Non é de estrañar, pois, a preferencia do noso autor polo haiku, a composición nipona que reduce o cosmos a tres versos e que, moitas veces, percibamos un perfume oriental, un ton ascético máis propio da poesía do sol nacente que das nosas latitudes.

Alén disto, o

que aquí se nos refire é unha pausada, cadenciosa, ás veces parsimoniosa meditación. Xa dixemos que

acaso este ton reflexivo proveña e teña como punto de contacto a poesía dun Basho ou de calquera artista xaponés. E aquí podemos afirmar que, quizais, sexa esta a característica principal do poemario. O ton reflexivo, como acabamos de ver, inunda moitas pezas, que acaban emparentándose coa filosofía e, mesmo, coa metafísica. Tamén co teor contemplativo, devoto, espiritual, que empapa a mellor lírica de Oriente. Como non lembrar Lao Tse cando lemos estes versos?: "Ás veces é así: vida e esperanza/confunden como soños."

Fronte ao mundo empírico, o orbe mental edifica o seu propio espazo interior. Na dialéctica das

dúas realidades, o poeta vai confirmando as súas pequenas certezaas: "A realidade (aquele que, de certo, nos vive)/só é a veracidade que lle outorgamos/ós actos cotiáns."

Na primeira parte do libro, pois, abunda este tipo de lirismo sentencioso, filosófico. Na segunda predomina a descrición paisaxística, a paisaxe como un ente natural que transcende a súa simple presenza. Trátase dunha realidade que nos abranxe e ampara, que nos sitúa entre as cousas do tempo: "Confía na noite,/o fogar onde se acollen/os nomes da soidade."

A delicadeza do discurso poético non anula nen mingua unha mensaxe certamente desolada. O amor pulula entre estas páxinas, mais tamén a morte, a preparación para o vacío, a súa impía impiedade. Os dous camiñan xuntos polos vieiros da vida, os dous disputan xuntos o terreo do ser. Unidade profunda e navegábel do que somos e seremos. Entón o poeta séntese levado polas dúas correntes: "Qué leve pasa todo./Qué leve queda."

Nelas fica o que perdura, o abandono e o amor, as dúas caras da educación das almas.

MARTÍNEZ-CONDE,
Ricardo, *Na terra desluada*, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2009, PVP 13€

